

Renovación Parcial do Consello Escolar – Novembro 2024-Convocatoria Nais/Pais/ Titores Legais

Olga Simón Cruz, directora do IES de Cacheiras, en cumprimento do establecido no Decreto 7/1999 do 26 de xaneiro de 1999, e da Resolución do 10 de setembro de 2024, informa as nais, aos pais, e no seu defecto aos titores legais do alumnado do centro sobre a **CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS** para a renovación parcial do consello escolar, para o cal:

1. Procederáse á elección de 1 representante dos Pais/Nais do alumnado.
2. O **Censo Electoral** de tódolos pais/nais de alumnos do centro está exposto no taboleiro de anuncios destinado ás eleccións dende o 24 de outubro, día no que se constituíu a Xunta Electoral.
• Son electores e elixibles o PAI e a NAI.
3. As **reclamacións ao Censo Electoral** presentaranse por escrito ata o 11 de novembro.
4. As **Candidaturas** presentaranse por escrito ante a Xunta Electoral nas datas comprendidas entre o 24 de outubro e o 11 de novembro, ámbalas dúas incluídas.
5. As **Candidaturas proclamaranse publicamente** no taboleiro de anuncios o 13 de novembro.
6. As **Resolucións** ás reclamacións ao Censo Electoral proclamaranse publicamente no taboleiro de anuncios o 13 de novembro.
7. As **Reclamacións ás Candidaturas** presentaranse por escrito ante a Xunta Electoral entre os días 14 e 15 de novembro, ambos os dous incluídos.
8. As **Resolucións ás Reclamacións ás Candidaturas** faranse públicas no taboleiro de anuncios o 18 de novembro
9. O **Sorteo** dos membros da **Mesa Electoral de Pais e Nais** será realizado en acto público o 13 de novembro ás 12:20 h. no despacho de dirección.
10. A **Mesa Electoral de Pais/nais** estará composta polo director que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores legais designados por sorte público, actuando de secretario o de menor idade.
11. A **Votación terá lugar o mércores 20 de novembro, de 19:00 a 20:30 h. na biblioteca do centro.**
12. Poderán exercer o seu dereito a voto tanto o pai como a nai (e dicir teñen dereito a voto os dous) de cada alumno/a ou, e no seu defecto, os titores legais.
13. Cada votante fará constar un máximo de 1 nome na papeleta, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar.
14. Rematada a votación procederáse ao escrutinio público dos votos e levantarase acta da votación.
15. A Xunta Electoral proclamará publicamente no taboleiro do centro os candidatos elixidos o 22 de novembro.
16. O novo consello escolar constituirase o xoves 28 de decembro as 19:00 h.

Cacheiras, a 24 outubro de 2024
A directora e presidenta da Xunta Electoral:

Asdo.: Olga Simón Cruz

